



Resolución do 12 de setembro de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios ás boas prácticas de innovación educativa desenvolvidas durante o curso escolar 2012-2013 en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

As necesidades da sociedade e os cambios na concepción actual dos procesos de ensino-aprendizaxe precisan que o sistema educativo fomente a participación nos procesos de innovación e investigación co propósito de introducir novidades e renovar a práctica docente como elemento de mellora.

Ao mesmo tempo, a eficacia da educación depende en gran medida da capacidade do profesorado e do sistema educativo para renovarse de acordo coas novas demandas sociais, as circunstancias sempre cambiantes do alumnado, os novos coñecementos científicos e didácticos e os correspondentes métodos e instrumentos utilizados que potencien o achegamento do sistema educativo á realidade social.

Mediante acordo do Consello de Ministros do 14 de decembro de 2012 formalizáronse os criterios de distribución aprobados pola Conferencia Sectorial de Educación, así como a distribución resultante, dos créditos para o ano 2012 para o desenvolvemento do Programa para a redución do abandono escolar temperán.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretende valorar aquelas boas prácticas innovadoras que se desenvolveron nos centros educativos galegos durante o curso 2012-2013 e que supoñan unha mellora da calidade do ensino. En especial, valoraranse os proxectos centrados na mellora da convivencia nos centros e da atención á diversidade en todas as súas vertentes, no uso innovador das tecnoloxías da información e da comunicación, no desenvolvemento das competencias básicas, a mellora da aprendizaxe e do uso da lingua galega e das linguas estranxeiras e na posta en marcha de iniciativas de emprendemento.

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto convocar premios ás boas prácticas de innovación



educativa desenvolvidas durante o curso escolar 2012-2013 en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 2. *Modalidades.*

Establécense as seguintes modalidades:

- A. Mellora da convivencia nos centros educativos.
- B. Atención á diversidade.
- C. Uso innovador das tecnoloxías da información e da comunicación que introduzan cambios metodolóxicos.
- D. Desenvolvemento das competencias básicas.
- E. Mellora da aprendizaxe e do uso da lingua galega.
- F. Mellora da aprendizaxe e do uso das linguas estranxeiras.
- G. Iniciativas de emprendemento e/ou de innovación metodolóxica na Formación Profesional.

Artigo 3. *Número de premios e dotación económica.*

1. Os premios regulados nesta convocatoria serán atendidos con cargo á aplicación orzamentaria 09.50.423A.640.1 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos orzamentos do 2013, por un importe total de 39.600 €, tendo os seguintes importes e distribución:
- 2.

Premios por modalidade	Importe do premio
Un 1º premio	3.000 €
Un 2º premio	2.000 €

Haberá 4 accésits por valor de 1.150 € cada un, para as boas prácticas nas modalidades que decida a comisión de selección destes premios.

3. Os premios poderán ser declarados desertos. Con carácter excepcional e por



acordo motivado, a comisión de selección poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre algunha das outras modalidades da convocatoria.

Artigo 4. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte da publicación desta resolución no espazo web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e remata o día 15 de outubro de 2013.

Artigo 5. Presentación de solicitudes e documentación.

Cada centro poderá presentar as boas prácticas levadas a cabo no curso 2012/2013 que considere. Cada boa práctica só poderá presentarse por unha soa das modalidades desta convocatoria.

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación da seguinte documentación:

1. Instancia dirixida ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa asinada pola persoa responsable da dirección do centro segundo o modelo do anexo I desta convocatoria. Nesta instancia indícaranse:
 - a. Os datos da persoa coordinadora e do profesorado participante no desenvolvemento da boa práctica presentada.
 - b. A certificación da persoa responsable da dirección do centro acreditativa de que o profesorado participante na boa práctica presta os seus servizos como persoal docente no devandito centro ou de que estivo destinado nel durante a realización da experiencia.
 - c. Declaración xurada ou promesa da persoa responsable da dirección do centro de estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados, de que son inéditos e de que non foron premiados ou se obtivo bolsa por eles con anterioridade. No caso de que non se dispoña da plena



titularidade dos dereitos do traballo presentado, terase que achegar un escrito asinado polos posuidores deses dereitos declarando a aceptación das bases deste concurso.

- d. Confirmación de que o centro conta con autorización, se é o caso, para o uso da imaxe de menores participantes no traballo.
2. Memoria descritiva da boa práctica innovadora en formato dixital.
3. Materiais e recursos dixitais asociados á boa práctica innovadora en formato dixital.

Os aspirantes deberán presentar esta documentación no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros provinciais dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de proceder ao envío nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e cuñada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

De conformidade co artigo 71 da devandita lei, cando non se achegue a documentación esixida, as persoas ou centros interesados serán requiridos para a súa presentación nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación efectuada. De non facelo, daranse por desistidos da súa petición.

Artigo 6. Características da memoria descritiva da boa práctica.

Presentarase unha memoria descritiva da boa práctica en formato dixital que deberá ter unha extensión máxima de 20 páxinas en formato DIN-A4, a unha cara, letra Arial, tamaño 12 e interliñado sinxelo.

A súa estrutura axustarase ao seguinte esquema:

1. Na primeira páxina (portada): título, autor ou autores, centro ou centros, sinopse da boa práctica en catro liñas, delimitación de campo de traballo (ciclo, curso, áreas ou materias) e modalidade pola que se presenta aos premios.
2. Contextualización na organización do centro: xustificación e documentos de organización do centro nos que se incorpora a boa práctica.



3. Actuacións desenvolvidas: concreción, relación cos documentos do centro/aula, temporización, espazos,...
4. Recursos e materiais utilizados.
 - a. Relación de recursos empregados.
 - b. Metodoloxía da súa utilización.
5. Instrumentos de avaliación e indicadores de logro.
6. Propostas de continuidade e/ou mellora.
7. Conclusións finais.
8. Bibliografía.

Artigo 7. Requisitos xerais dos materiais e recursos dixitais.

1. Requisitos de forma:
 - a) Os traballos presentados deberán ser orixinais, inéditos e non premiados nin subvencionados con anterioridade.
 - b) Deberán ter sido experimentados nas aulas ou nos centros e supoñer innovacións curriculares, metodolóxicas ou organizativas, así como ser coherentes coa normativa vixente.
 - c) Os materiais presentados non poderán incluír publicidade de empresas, produtos nin servizos comerciais.
2. Requisitos técnicos:
 - a) Os materiais e recursos dixitais presentados terán que visualizarse correctamente nas últimas versións dos navegadores máis comúns. Deben funcionar sen necesidade de instalar ningún plugin específico no navegador, agás os de Flash, Java, Descartes e Malted. Deberán ser multiplataforma, de xeito que se poidan utilizar nos sistemas operativos máis comúns.
 - b) Cumprirá ter en conta que os contidos se deben visualizar en equipamentos cunha resolución máxima de pantalla de 1024 x 768 píxeles, se o contido se reproduce en pantalla completa, ou unha resolución de 920 x 500 píxeles, se o recurso está deseñado para visualizarse de xeito integrado na propia interface de Moodle.



- c) O material incluirá todas as páxinas e os ficheiros necesarios para a correcta execución da súa interactividade, tanto se se executa esta en modo servidor como se se trata de módulos ou aplicacións que actúan en modo cliente. Os arquivos non virán protexidos con contrasinal.
- d) Os materiais estarán realizados con tecnoloxía que permita a súa visualización cun navegador estándar sobre distintos sistemas operativos, libres e propietarios, e poderán ser executados en local.
- e) O arquivo comprimido zip de cada material ou recurso creado terá un peso nunca superior a 100 Mb. Cada traballo pode ter os materiais que o autor considere necesarios para desenvolver a boa práctica presentada.
- f) Tanto nos arquivos de entrega coma nos nomes dos arquivos de recursos que se utilizan para elaborar o material ou que se vinculan dentro del (é dicir, en toda a estrutura de navegación) é importante non usar espazos, eñes, tiles nin caracteres especiais.

Artigo 8. *Comisión de selección.*

1. As boas prácticas innovadoras presentadas que se axusten a esta convocatoria serán valoradas por unha comisión presidida polo Subdirector Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou persoa en quen delegue, e integrada por 4 vogais, con categoría de Subdirector/a Xeral, Xefe/a de Servizo ou membro/a da Inspección Educativa. Actuará como secretario/a unha persoa asesora desta Consellería con voz pero sen voto.
2. A comisión, se é o caso, poderá contar co asesoramento de especialistas así como con informes da inspección educativa e/ou dos centros de formación e recursos, solicitados previamente pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Artigo 9. *Criterios de valoración.*

Con carácter xeral para todas as categorías:

1. Adecuación, coherencia e cohesión do traballo respecto ás características



- requiridas na presente convocatoria, ata 1 punto.
2. Aportacións metodolóxicas innovadoras da experiencia, ata 2 puntos.
 3. Potencialidade para favorecer a adquisición das competencias básicas, ata 2 puntos.
 4. Emprego metodoloxicamente innovador das TIC, ata 2 puntos.
 5. Relación dos traballos e recursos elaborados coa súa posta en práctica na aula/centro, ata 2 puntos.
 6. Adecuación dos mecanismos de seguimento e avaliación e a súa incidencia na mellora educativa na aula/centro, ata 1 punto.
 7. Posibilidade da implantación da experiencia noutros centros, ata 2 puntos.
 8. Calidade dos contidos, así como cantidade de exemplos, exercicios e suxestións de diferentes aplicacións didácticas na aula, ata 2 puntos.
 9. Estrutura do material que permita a gradación da aprendizaxe en diferentes niveis e propostas pedagóxicas que ofrezan distintos niveis de aprendizaxe, ata 1 punto.

Artigo 10. *Resolución.*

1. A comisión de selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta provisional de resolución. Esta proposta provisional poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es>.
2. A partir do día seguinte ao da publicación desta proposta, que lle será comunicada aos solicitantes a través do correo electrónico, abrirase un prazo de cinco días naturais co fin de que se poidan presentar cantas alegacións se consideren oportunas. Unha vez revisadas as reclamacións a comisión elevará a proposta definitiva ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
3. Contra esa resolución, que porá fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e



Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992.

Artigo 11. *Certificación.*

Os traballos premiados serán recoñecidos pola Administración Educativa como premio de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Artigo 12. *Pagamento dos premios.*

O pagamento do importe correspondente aos premios farase en base ao seguinte procedemento:

1. Cada centro recibirá ata un máximo de dous premios.
2. As cantidades asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2013.
3. Os centros xustificarán os pagamentos da achega económica outorgada de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios (DOG do 4 de abril). As achegas terán a consideración de partida finalista, polo tanto, requirirán unha xustificación individual, de xeito que farán constar os ingresos e os gastos. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2013.
4. A xustificación económica citada no parágrafo anterior consistirá nunha certificación emitida polo consello escolar datada con anterioridade ao 31 de decembro de 2013.
5. A non entrega da xustificación do gasto no devandito prazo poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.

Artigo 13. *Difusión e publicación das experiencias, materiais e proxectos.*

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a



colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición. Estes materiais difundiránse baixo a licenza «Creative Commons» que combine as propiedades «recoñecemento» e «compartir igual».

No caso de que os autores decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio de que foi obxecto.

Os autores/as quedarán comprometidos a realizaren as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis axeitado.

Disposición derradeira.

Única. *Recursos*.

Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2013.



Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa